

## MEMORIA E ESTIMACIÓN ECONÓMICA

Facer una praza cívica, para o pobo.

Dotar a vila dun referente urbano, un gran corazón que se encha de vida ao longo do día, un lugar de reunión para os soberinos e os visitantes. Un valor diferencial que identifique a Sober, que lle aporte identidade e valor turístico.

Empregamos os elementos propios da Ribeira Sacra para potenciar a praza. A **auga**, o río Sil, que rega as vides. As vides maniféstanse como a **vexetación** da praza, que protexe e da sombra. As uvas transformadas fanse viño, que se conservan nas barricas; a **madeira** vai construir un mobiliario cómodo e sustentable. E no final do proceso, o viño tómase na cunca; a **cerámica** de Gundivós que se vai empregar nos pavimentos.

Catro elementos e materiais que contan unha historia, a historia do viño de Amandi. Auga, como fonte de vida, a vexetación como metáfora do crecemento, a madeira como proceso da maduración, e finalmente a cerámica, volta á terra, o ciclo completo. A praza para a feira do viño que explica o proceso do viño, e mesmo o da vida.

A praza vai ser un espacio flexible, empregamos uns pavimentos resistentes e de baixo mantemento que pode soportar diferentes configuracións: para feiras, festas, concertos, mitins... Un gran espacio baleiro fronte ao concello que permite instalar postos de feira, camións de orquestra, ou servir para celebrar un concerto da **banda de música**.

esquema da situación inicial do espacio público  
-desgregación dos espazos libres  
-existentes  
-discontinuidade do espacio público destinado aos peóns



esquema da situación do espacio público proposto  
-continuación da alameda  
-espacio libre central representativo  
-continuidade da plataforma viaria de tráfico e peóns




Orzamento de execución material

1 - Demoliciones. (6%).....	64 093,43 €
Levantamento de pavimentos e retirada de entullos.	
2 - Instalacións. (14%).....	149 551,33 €
Instalación de intubacións de abastecemento de auga, electricidade, alumado, telecomunicacións e saneamento, acometidas e reforzos de sistemas xerais.	
3 - Acondicionamiento do soporte. (26%).....	277 738,19 €
Construcción da base para o viario, recheos e reforzo das bases, muretes de contención, e bordos de beirarrúas e muros cos seus respectivos alicerces.	
4 - Pavimentos - (22%).....	235 009,24 €
Colocacións de pavimentos sobre a base construída, pavimentos cerámicos en zonas peonís e de paso de vehículos, pavimentos de formigón no espazo central da praza, e zonas axardinadas.	
5 - Axardinamento - (11%).....	117 504,618 €
Plantar as árbores, arbustos e capas vexetais seleccionadas.	
6 - Mobiliario - (21%).....	224 326,99 €
Instalación do mobiliario e conexión final das instalacións urbanas públicas.	

TOTAL : 1 068 223,8 €

## PLANTA DA PRAZA E O SEU ENTORNO e: 1/1.000



Viario perimetral, con servizo ao fronte das edificacións e situando nel o aparcamento necesario, creando un gran espacio central baleiro, e resolvendo os encontros coma unha única intersección alongada.





Integración da vexetación existente, e significación da nova vexetación proposta, a alameda existente prolóngase cara ao novo espacio central converténdose nunha gran parra-pérgola representativa da nova praza.



A feira do viño de Amandi ten cabida na nova praza e nace na nova parra-pérgola, símbolo do producto exposto, do seu proceso de elaboración e da súa historia.

## SECCIONES e: 1/4.000



AS CATRO ESTACIÓNS

Remodelación da Praza do Concello e do seu entorno, Sober, Lugo